

PIONEIRAS #04: MARY ELLEN BUTE

1603

ESTREA EN NUMAX: 02.10.2025 | V.O. | 57 min

A cuarta entrega do ciclo "Pioneiras" proxecta unha escolma de curtas de Mary Ellen Bute (1906-1983), a primeira muller en crear animación abstracta nos EEUU e a primeira persoa que empregou un instrumento electrónico para crear imaxes cinematográficas.

A sesión será conducida polo cineasta experimental galego Alberte Pagán.



A primeira artista electrónica

Por Elisa Martínez Martínez

Bute nace en Houston en 1906 e estuda en Pennsylvania, e despois, en Nova York, artes escénicas e composición musical. Antes de comezar a traballar nos seus proxectos persoais, colaborou co inventor do Clavilux, Thomas Wilfred. Con León Theremin, realizou algúns experimentos que derivaron en publicacións. E co musicólogo e compositor Joseph Schillinger, comezou a creación dunha película de animación que nunca se chegou a finalizar. Nesta etapa de formación adquiriu uns sólidos cimentos técnicos e conceptuais, fundamentais para realizar a súa propia obra como artista de vangarda. O seu primeiro traballo foi a película *Rhythm in Light* de 1935 e, despois, creou quince traballos máis de animación.

Bute empregou o técnicas stop-motion, cel animation, pintura directa sobre celuloide, pintura sobre vidro ou o osciloscopio. O uso innovador deste aparello foi, precisamente, a súa maior contribución técnica á historia do cinema. O osciloscopio é un instrumento usado para visualizar a entrada de impulsos eléctricos e utilízase en diferentes ámbitos, desde o sanitario á enxeñería ou a electrónica. Bute modificou este dispositivo e utilizouno para debuxar con luz imaxes que gravaba e compoñía xunto a outras, para crear as súas películas. A importancia deste feito reside en que, nestas obras animadas, podemos ver as primeiras imaxes xeradas electronicamente con fins artísticos e cinematográficos. Atopámonos pois, ante o primeiro antecedente histórico da arte electrónica e da animación dixital. Se atendemos ao estilo plástico dos seus traballos, resulta igual de heteroxéneo que as técnicas que usaba. Observando a súa obra podemos trazar un percorrido pola arte de vangarda da primeira metade do século XX. De forma cronolóxica, atopamos trazos do art déco, o surrealismo, a abstracción xeométrica, o expresionismo abstracto ou a xa citada arte electrónica, aínda que nun estadio moi primitivo.

Mary Ellen Bute chamaba ás súas películas “Seeing Sounds”. Para crealas deseñou un método científico para representar visualmente a música. Este sistema estaba baseado nos ensinamentos de Joseph Schillinger, cuxa teoría universal da composición propoñía un procedemento mediante o que toda partitura musical podía traducirse en fórmulas matemáticas. Bute, á súa vez, creou unha metodoloxía para trasladar estas fórmulas a patróns visuais e rítmicos, e con estes patróns bosquexaba o guión visual de cada película. Aínda que hoxe en día podemos atopar moitos proxectos nos que conviven cinema, arte e ciencia, as obras de Mary Ellen Bute son os primeiros achegamentos entre estas dúas disciplinas, durante demasiado tempo consideradas case antagónicas.

As obras de Mary Ellen Bute foron precursoras do videoclip e das pezas audiovisuais ao servizo da música. Foi pioneira en crear unha metodoloxía científica para a investigación en artes, e podemos trazar un percorrido histórico desde o primeiro uso dun instrumento electrónico para xerar imaxes artísticas e cinematográficas ata a primeira arte dixital, e máis adiante a animación xerada por computador e o CGI. Este percorrido iniciado por Mary Ellen Bute, foi continuado por pioneiros da arte electrónica como John Whitney cuxa obra é unha ponte entre esta primeira arte electrónica e a animación dixital; tamén Lillian F. Swartz, pioneira da animación dixital cuxo traballo contribuíu á creación de software destinado a xerar imaxes animadas por computador; e por último Edwin Catmull, fundador de Pixar, e creador da primeira animación tridimensional xerada por computador. Con todo, a pesar de todos os seus logros, Mary Ellen Bute foi practicamente esquecida. Podemos pensar que isto se debe a que a animación artística e independente é descoñecida para o gran público, pero tamén foi excluída en ámbitos académicos e artísticos. A explicación máis plausible é que na época na que viviu, polo feito de ser muller e pola súa profesión, foille negada a relevancia que se merece.